

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



C.E.I.P. Ramón Otero Pedrayo
O Barco de Valdeorras
(Ourense)

ÍNDICE

A/ CONTEXTUALIZACIÓN

1. O centro escolar
2. Contorna espacial
3. Contexto social
4. Espazos e instalacións
5. Horario
6. Servizos complementarios
7. Persoal docente e non docente
8. Alumnado
9. Elementos organizativos.

B/ SINAIS DE IDENTIDADE

C/ OBXECTIVOS DO CENTRO

1. Ámbito pedagóxico
2. Ámbito humano
3. Ámbito institucional
4. Ámbito administrativo
5. Ámbito de normalización lingüística

D/ TRATAMENTO TRANSVERSAL DA EDUCACIÓN EN VALORES E OUTROS ENSINOS

E/ COMPROMISOS EDUCATIVOS

F/ PROXECTOS DE CENTRO

G/ NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

A/ CONTEXTUALIZACIÓN

1. O Centro Escolar

Nome: C.E.I.P. Ramón Otero Pedrayo

Código de centro: 32001671

CIF: Q8255145H

Dirección: R/ Elena Quiroga nº 7, C.P. 32.315 O Barco de Valdeorras

Tfno e fax: 988 320 163

Tfno móbil: 633 760 163

Enderezo electrónico: ceip.otero.pedraio@edu.xunta.es

Páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipoteropedraio>

Nun principio, o grupo escolar estaba situado nun baixo que agrupaba tres aulas: unha mixta para nenos de 6 a 9 anos, unha de nenos cun mestre e unha de nenas cunha mestra.

Ao declararse en ruínas o citado local, o grupo mixto trasladouse a un baixo sito na praza, e os outros dous grupos a un local enfronte dos xardíns.

Esa precaria situación fixo xurdir a necesidade de crear un centro axeitado, e no 1970 tivo lugar a inauguración do Colexio Público de Educación Xeral Básica Viloira, coa asistencia do Sr Gobernador Civil e da Inspectora Xefe D^a Joaquina Gallego Jorreto.

Aquel primeiro ano foi experimental e acolleu alumnos desde 1º a 5º de E.X.B., ampliándose en anos sucesivos ata 8º. Daquela non se escolarizaban aos párvulos. Na planta baixa había catro aulas, comedor e coicña, e no primeiro andar outras catro aulas. Anos despois, pechouse o comedor e a cociña, habilitándose neses espazos o salón de actos e unha aula de preescolar.

No barrio das Casas Baratas seguiu funcionando unha aula de preescolar.

No curso 1984-85 unha ampliación no centro, provocou que os alumnos maiores foran trasladados ao C. P. Julio Gurrarán, quedando os máis pequenos aloxados nun baixo fronte á igrexa de Viloira. Fíxose o laboratorio, unha aula máis, as escaleras exteriores que dan ao patio, aseos para mestres

e ampliouse un pouco a sala de mestres. A parroquia cedeu un anaco de horta para engadirle ao patio.

No curso 1991-92, coincidindo coa incorporación dos alumnos de tres anos ao centro, modificáronse as aulas de preescolar, dotouse ao patio de aseos para o alumnado, cubriuse unha parte do mesmo, arranxouse a secretaría e a biblioteca, e a sala de mestres transformouse novamente.

No curso 1998-99, dividiuse unha aula no primeiro andar para audición e linguaxe e pedagogía terapéutica.

No curso 2010-11, prodúxose a tan demandada construción dun novo edificio na finca colindante ao patio, tras dez anos de negociación do concello co bispado de Astorga para comprarlle a horta da súa propiedade. Ese edificio alberga na pranta baixa ximnasio, almacén e vestiarios, comedor, aseos cuarto de caldeira e cuarto de limpeza, e no primeiro andar biblioteca, aula de música, aula de portugués, aseos, despacho de orientación e un local para a Anpa. Conta tamén con ascensor.

2. Contorna Espacial

O Barco está situado na parte nororiental da provincia de Ourense, na comarca de Valdeorras, ocupando parte da chaira aluvial do río Sil e entre as montañas que limitan o seu contorno. A historia do municipio atópase ligada a este río, eixo vertebrador do seu urbanismo co Paseo do Malecón como exemplo.

Esta configuración do terreo é a que deu orixe ao topónimo O Barco, a partir dunha base prelatina, probablemente céltica, *barc ou *barg (concavidade). Outros autores defenden que o nome de O Barco provén da instalación, en época romana, dunha barca ata a aldea de Viloira, coa fin de comunicar as moitas poboacións existentes a ambas marxes do río. En torno ao que nun principio foi o alpendre dos barqueiros (porto da barca) e ao longo da calzada romana, hoxe Rúa Real, foron xurdindo as construcións e configurándose o núcleo urbano de O Barco de Viloira.

O concello ten unha extensión de 84 km² e limita ao norte coa Serra do Courel, ao leste cos concellos de Rubiá e Carballeda, ao oeste co de

Vilamartín e ao sur coa Serra do Eixe, que remata no Macizo de Trevinca onde están os máximos cumios de Galicia (2127 m),.

O clima é de carácter oceánico-mediterráneo, con veráns calorosos e secos e invernos moderados en precipitacións e temperaturas.

O Barco é a capital de Valdeorras e o seu centro comercial é de servizos. O concello está formado por 14 parroquias e 24 núcleos de poboación que suman 14.213 habitantes (INE, 2009), a maior parte concentrados na vila capital. Isto converte ao Barco no municipio máis populoso da provincia de Ourense logo da súa capital.

O colexio atópase situado na marxe esquerda do río Sil, no barrio denominado Vilaira, unida ao centro urbano do Barco por medio dunha ponte e unha pasarela peonil sobre o río. Suma un total de 856 habitantes. Sen este núcleo de poboación, que experimentou un importante crecemento nas últimas décadas, non se podería entender a existencia da propia vila do Barco.

Entre os seus elementos de interese cómpre salientar a Casa Grande, magnífico pazo de 1637 que pertenceu á influente familia dos Quiroga, cos seus elegantes e apracíbeis xardíns hoxe abertos para o deleite de toda a veciñanza, a praza de Ramón Otero Pedrayo ou a igrexa parroquial de San Martiño, coa súa fachada en pedra vermella do país.

Vilaira celebra as súas festas patronais en xuño, a Octava do Corpus e tamén é referencia festiva o 11 de novembro, o popular San Martiño, coa festa do Magosto que se celebra en toda a comarca para a degustación das castañas asadas ou *bullós*, froito que os soutos valdeorreses producen en cantidade e calidade, acompañadas de viño novo e chourizos asados.

Os días 6 de cada mes, ten lugar a feira, onde podemos atopar unha gran variedade de artigos, ademais da parada de rigor nun dos postos de polbo para saborear un prato deste delicioso produto.

As institucións e servizos do Concello de O Barco son:

Edificio Multiusos.

Alcaldía / Secretaría / Oficinas Xerais / Intervención /
Tesouraría / Obras e Urbanismo / Normalización Lingüística
/ Medio Ambiente / Información Turística

Casa do Concello.

Servizos Sociais / Centro de Información á Muller (CIM) /
Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC) /
Emprego e Desenvolvemento Local

Policía Local.

Garda Civil.

Protección Civil.

Cruz Vermella.

Biblioteca Municipal.

Teatro Municipal Lauro Olmo.

Conservatorio de Música / Escola de Música

Gardería Infantil.

Hospital Comarcal Valdeorras.

Centro de Saúde.

Residencia Terceira Idade.

Xulgados.

Estación de ferrocarril.

Estación de autobuses.

Parada de taxis.

Dous polideportivos cubertos municipais.

Piscina descuberta.

Piscina climatizada.

Campo de fútbol con pistas de atletismo e hangar de piragüismo

Pistas de tenis, pádel e canchas de baloncesto ao ar libre.

Campo de herba artificial no Campiño de Viloira.

Zonas de lecer á beira do río Sil (Malecón, Salgueiral e Campiño de Viloira),
Parques infantís.

Parques biosaudables.

Carril bici e servizo de préstamo de bicicletas.

3. Contexto Social

A economía xira aquí ao redor da lousa: a súa extracción, elaboración e comercialización dá traballo a unhas 3.000 persoas de xeito directo e a moitas máis nas empresas relacionadas. As explotacións louseiras localízanse principalmente nos veciños concellos de Carballeda e Vilamartín, ou nos leoneses da Ponte de Domingo Flórez e Encinedo. As lousas constitúen a base do dinamismo económico e do comercio de exportación, sendo a comarca a capital mundial da lousa, con exportacións a Francia, Alemaña, Bélxica, Reino Unido, Andorra, EE.UU., Suíza, Australia, Irlanda, Xapón, Arxentina, Holanda, Chile, Portugal, México, Suecia, Dinamarca, Chipre, Canadá, República Dominicana e Marrocos.

Dentro da súa produción agroindustrial, o cultivo da vide ocupa un papel predominante. A viticultura é unha antiga ocupación que está sendo dinamizada coa plantación de viñedos coas variedades autóctonas de godello e mencia, e a elaboración de caldos de alta calidade en adegas provistas da última tecnoloxía e acollidas á Denominación de Orixe Valdeorras. A maior parte da súa produción está cooperativizada e posúe unha importante comercialización.

Tamén no sector primario é importante a comercialización das castañas que, de recoñecida calidade, producen os soutos valdeorreses.

O sector do comercio, preséntase unificado na súa imaxe e promoción arredor do denominado Centro Comercial Aberto, cunha oferta renovada e moi atractiva.

A localización no Barco dos servizos sanitarios do Hospital Comarcal Valdeorras e do Centro de Saúde, e doutros servizos administrativos, tanto da Xunta como do Goberno Central, son asemade factores que favorecen o emprego e a actividade económica.

Todo isto fai que O Barco sexa hoxe unha localidade de acollida de numerosos persoas doutras nacionalidades que veñen aquí a traballar e a vivir.

As comunicacións por estrada teñen lugar a través da N-120, atopándose o enlace coa A-6 a 20 km en dirección leste. O resto de estradas son locais e comarcais. O Barco conta cunha estación de autobuses e outra de ferrocarril.

4. Espazos e Instalacións

As dependencias atópanse distribuídas en dous edificios:

EDIFICIO PRINCIPAL

Na planta baixa:

- Despacho de dirección.
- Secretaría e xefatura de estudos.
- Sala de mestres.
- Servizos de mestres.
- Sala de limpeza.
- Salón de actos.
- 3 aulas de Educación Infantil, unha delas con baños e almacén.
- 2 aulas de Educación Primaria.
- Cuarto de almacén de material.
- Servizos para nenas e nenos.

No primeiro andar:

- 4 aulas de Educación Primaria
- Aula de Polos Creativos
- Aula de informática.
- Aulas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.
- Servizos para nenas e nenos.

EDIFICIO NOVO

Na pranta baixa:

- Ximnasio con vestiarios e duchas, e despacho do mestre.
- Almacén de material de Educación Física.
- Cuarto de calderas.
- Cuarto da limpeza.
- Servizos para nenas e nenos.
- Comedor.
- Almacén comedor.
- Ascensor

No primeiro andar:

- Biblioteca.
- Aula de música.
- Aula de desdobres.
- Servizos para nenas e nenos.
- Despacho de orientación.
- Local para a ANPA e desdobres.
- Ascensor.

NO EXTERIOR

- Patio descuberto
- Patio cuberto
- Roódromo
- Parque infantil
- Porches de acceso ao centro e ao comedor

5. Horario

O colexio ten xornada en sesión única de mañá, con actividades lectivas de 9:15 a 14:15 horas.

O alumnado de educación infantil conta cun periodo de adaptación no mes de setembro, que facilita unha incorporación progresiva ao centro dos rapaces máis cativos, sempre segundo a lei e en función das necesidades de conciliación das familias.

As actividades extraescolares, prográmanse nas tardes dos mércores, xoves e venres, en horario de 15:30 a 17:00 ou de 15:30 a 17:30 horas.

6. Servizos Complementarios

MADRUGADORES

Servizo xestionado pola ANPA do colexio a través da Federación de Anpas de Ourense, en horario de 7:15 a 9:15 horas con opción de almorzo.

COMEDOR ESCOLAR

O colexio oferta comedor escolar con capacidade para 75 comensais, en horario de 14:15 a 16:00 horas, para o que conta con cociñeira e coidadoras.

A súa xestión corre a cargo da Consellería de Educación a través dun servizo de catering.

7. Persoal Docente e Non Docente

Profesorado

O catálogo de postos de traballo do centro é o seguinte:

- 4 mestres de Educación Infantil
- 5 mestres de Educación Primaria.
- 1 mestre de Educación Musical.
- 1 mestre de Idioma extranxeiro Inglés
- 1 mestre de Francés
- 1 mestre de Educación Física
- 1 mestre de Pedagogía Terapéutica
- 1 Orientadora compartida cos CEIPs Virxe do Camiño de Rubiá e Xosé Manuel Folla Respino de Vilamartín

Tamén contamos na actualidade co seguinte persoal docente:

- 1 mestre de Audición e Linguaxe
- 1 mestre de Relixión Católica, compartido cos CEIPs Virxe do Camiño de Rubiá e Eduardo Ávila Bustillo de A Veiga.
- 1 mestre de Audición e Linguaxe compartido co CEIP Julio Gurriarán, pertencente ao claustro dese centro.

Persoal Non Docente

- 1 conserxe.
- 2 limpadoras.

8. Alumnado

O colexio conta con 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria.

O número de alumnos matriculados nos últimos anos ronda os 110.

A ratio media ven sendo duns 12 alumnos.

O alumnado procede na súa maioría da área de influencia do centro, aínda que temos varios alumnos doutras zonas.

9. Elementos Organizativos

Equipo directivo:

Composto por dirección, xefatura de estudos e secretaría.

As competencias de cada cargo veñen determinadas por lei, aínda que o funcionamento é o dun equipo que comparte responsabilidades.

Consello escolar:

Órgano de participación dos diferentes sectores da comunidade escolar.

Está composto por directora, xefa de estudos, secretaria (con voz pero sen voto), cinco representantes de mestres, cinco representantes de

país/nais/titores, 1 representante de persoal de administración e servizos e 1 representante do concello.

Claustro de profesores:

Órgano de participación do profesorado no goberno do centro.

Está integrado pola totalidade dos mestres que presten servizo no colexio e presidido pola directora do centro.

Departamentos didácticos e Equipos docentes.

- Departamento de Orientación.
- Comisión e Coordinación Pedagóxica.
- Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega.
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Equipos de Ciclo.
- Dinamización da Convivencia escolar.
- Dinamización TICS, Abalar e EDIXGAL.
- Dinamización da Biblioteca Escolar.
- Equipo Plan Dixital.
- Equipo Polos Creativos.
- Comisión de Coordinación de Avaliación Diagnóstica.

Documentos de planificación.

O centro deberá organizar a súa actividade e desenvolver os principios, valores e obxectivos recollidos neste proxecto educativo través dos seguintes documentos:

1. A Programación Xeral Anual.
2. As programacións didácticas.
3. O Plan Dixital.
4. O Regulamento Orgánico de Centro.
5. O Regulamento de Comedor Escolar.
6. O Plan de Acción Titorial.
7. O Plan de Orientación Escolar.
8. O Proxecto Lingüístico do Centro.
9. O Proxecto Lector de Centro.

10. O Plan de Convivencia Escolar.
11. O Protocolo de Acollida do Alumnado Procedente do Estranxeiro.
12. O Plan de Autoprotección Escolar.
13. A Memoria Anual.

Ademais o centro poderá establecer dentro da Programación Xeral Anual e/ou a través de proxectos ou plans concretos a participación en programas de mellora da calidade educativa, de innovación, programas internacionais e aquelas iniciativas que promovan unha mellora da práctica educativa.

B/ SINAIS DE IDENTIDADE

1. A diversidade como identidade

- As actividades educativas do C.E.I.P. " Ramón Otero Pedrayo", axustaranse aos principios do artigo 27.2 da Constitución Española, orientándose ao pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e deberes fundamentais.
- O alumnado será orientado cara unha formación plena, que lle permita formar a súa identidade, e construír unha concepción da realidade para poder participar de xeito crítico nunha sociedade libre, tolerante e solidaria, respectando os dereitos humanos, a vida en común e a cooperación e solidariedade entre os pobos.
- Defendemos unha escola inclusiva, na que convivimos con respecto independentemente da nosa orixe, cultura, ideoloxía, relixión, situación familiar...

2. Unha escola integrada no barrio

- Este colexio é un centro aberto para que toda a comunidade educativa, institucións, asociacións e resto de colectivos da vila, acudan a el para

levar a cabo as súas propostas, producíndose esa apertura nas dúas direccións, xa que o colexio participa asiduamente en moitas actividades que nos propoñen diferentes entes da localidade.

- As instalacións do centro están a disposición de toda a comunidade educativa, do concello ou daquelas asociacións culturais que soliciten algunha dependencia do mesmo para algunha actividade, despois de acadar o visto bo da Dirección, do Consello Escolar e da Inspección educativa, segundo os términos que constan no NOFC.

3. Igualdade de oportunidades:

- Este é un centro público, comprometido cunha educación de calidade que garante a igualdade de oportunidades para todo o alumnado.
- Todo o alumnado ten os mesmos dereitos, dacordo cos principios de igualdade de dereitos e de non discriminación que inspiran a actividade educativa, e desenrolaranse no marco da coeducación.
- Deben respectarse ao máximo as etapas evolutivas polas que pasa todo neno e fomentar a coordinación entre os cursos, para facilitar a coherencia do traballo nas aulas.

4. Sello "Vida Saludable":

- Desde o ano 2011, o CEIP Ramón Otero Pedrayo conta, ininterrompidamente, co distintivo de calidade "Sello Vida Saludable" outorgado polo "Ministerio de Educación, Cultura y Deporte" como centro destacado na promoción de hábitos de vida saudables, alimentación sa, coidado e respecto polo medio ambiente, etc
- Este selo é empregado na documentación oficial do centro.



5. Responsabilidade tecnolóxica:

- Valoramos positivamente o emprego racional da tecnoloxía, pois ofrece amplísimas posibilidades, pero traballamos co alumnado a toma de conciencia sobre os perigos dun uso irresponsable e excesivo.
- O centro conta cun Plan Dixital aprobado no curso 2021-2022.
- O colexio está dentro de EDIXGAL desde o seu primeiro ano de funcionamento, ten participado na Semana STEM, impartiu varios cursos "Robótica Educativa en Primaria, e actualmente, é un dos centros adxudicatarios de "Polos Creativos" desde a súa posta en marcha no curso 2022-2023.

6. Música e movemento:

- O potencial da música como elemento xerador de aprendizaxe, sobrepasa as áreas de Música e Educación Física, polo que no colexio se leva a cabo unha especial concienciación sobre estas manifestacións artísticas mediante a oferta ao alumnado dunha variada gama de manifestacións culturais coma concertos, musicais, danzas e bailes, actuacións teatrais.. tanto coma espectadores, coma protagonistas de tales expresións culturais.

7. Participación e democracia:

- Como membros da comunidade educativa que somos, todas as partes deben poder expresar libremente e con respecto as súas opinións, que deben ser escoitadas e valoradas.
- As familias poden escoller para elo diferentes vías de comunicación: a representación que o seu colectivo ten no Consello Escolar, a ANPA, as titorías ou a comunicación co equipo directivo.
- O profesorado terá os claustros e reunións de equipos docentes coma momentos idóneos para a presentación de propostas.

8. Transparencia:

- Todas as actuacións levadas a cabo no colexio, realizaranse baixo unha total e absoluta transparencia.
- A comunidade educativa ten dereito a acceder á información do centro seguindo as NOFC.

C/ OBXECTIVOS DO CENTRO

1. Ámbito pedagóxico.

- Proporcionar unha formación integral que permita desenvolver a propia identidade do alumno, potenciando a súa capacidade para exercer dun xeito crítico a liberdade, respecto, tolerancia e solidariedade dentro dunha sociedade libre e plural.
- Adquirir hábitos e técnicas de traballo que faciliten a adquisición de contidos e coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos, desenvolvendo técnicas de subliñado, esquemas, resúmen, apuntes...
- Aprender a respectar as normas básicas de convivencia, materiais e instalacións.
- Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
- Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe. Preparalos para participar activamente na vida social e cultural.
- Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado.
- Desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:
 - a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
 - b) Competencia plurilingüe (CP).
 - c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
 - d) Competencia dixital (CD).
 - e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
 - f) Competencia cidadá (CC).
 - g) Competencia emprendedora (CE).

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

2. Ámbito humano.

- Desenvolver entre o alumnado actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
- Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.
- Desenvolver actitudes de respecto ás diferentes culturas e linguas. Educar na integración.
- Educar para a paz e o encauzamento da agresividade cara a resolución pacífica dos conflitos.
- Formar ao alumnado en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.
- Potenciar o respecto e coidado activo pola natureza e o medio ambiente, asumindo compromisos no aforro de auga e enerxía.
- Potenciar e practicar hábitos alimenticios saudables.
- Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- Aprender a usar, desfrutar e coidar dos bens que se posúen ou se consumen, recoñecendo a súa utilidade real, e creando unha autonomía persoal fronte ao consumismo.
- Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.
- Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria, coñecer os sinais básicos de circulación e tomar conciencia das situacións de risco derivadas de comportamentos irresponsables.
- Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudo, orde e traballo.
- Inculcar a importancia da práctica da actividade física como fonte de saúde e socialización, valorando a práctica deportiva no seu tempo de lecer.
- Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
- Coñecer os dereitos humanos e desenvolver o interese na diversidade de persoas e culturas, cunha actitude aberta, tolerante e respectuosa.

- Proporcionar a todos os alumnos a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa.
- Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione ao alumnado o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.
- Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.

3. Ámbito institucional.

- Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos e fomentar a súa participación na vida do centro.
- Fomentar a relación do centro coa contorna social, económica e cultural.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- Establecer contactos e coordinar actuacións co IES Martaguisela, centro adscrito receptor dos alumnos na ESO.
- Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro.
- Colaborar co centro de formación do profesorado.
- Colaborar co Concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.
- Lograr que as administracións local e autonómica cumpran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
- Democratizar o funcionamento do centro, fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa.

4. Ámbito administrativo.

- Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

5. Ámbito de normalización lingüística.

- Acadar que o alumnado do centro, ao remate da Educación Primaria, teña unha competencia lingüística que lle permita comunicarse por un igual en lingua galega e castelá.
- Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
- Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa...
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

D/ TRATAMENTO TRANSVERSAL DA EDUCACIÓN EN VALORES E OUTROS ENSINOS

Ao longo dos ciclos, o tratamento dos elementos transversais será interdisciplinar e, aínda que pode xurdir en calquera momento e ser preciso un traballo específico en calquera momento, ao longo do curso levaremos a cabo as seguintes actividades, para procurar que o alumnado adquira hábitos, valores e comportamentos axeitados para unha formación íntegra como persoa individual e membro da sociedade.

● Prevención da Violencia

- Nas primeiras semanas do curso chegarase no grupo a un consenso sobre as normas a seguir na aula e no colexio.
- Celebración do día da Paz a nivel centro.
- Cumprir o descrito no Plan de Convivencia e facer que este sexa un documento útil, revisable e coñecido por toda a comunidade educativa.
- Fomento do xogo no patio mesturando os distintos niveis e etapas educativas.
- Intentaremos solucionar os conflitos por medio do diálogo e coa axuda (opcional) de compañeiros/as que exerzan de mediadores, escollidos por eles, sempre que así o decidan.

● Igualdade entre Homes e Mulleres

- Emprego de recursos e material non sexista (tendo moito coidado co tipo de cancións escoitadas, de lecturas, xogos...)
- Faremos lecturas comentadas sobre a discriminación de xénero: contos clásicos, libros sobre a vida de mulleres famosas...
- Empregaremos recursos e material non sexista tendo moito coidado co tipo de cancións escoitadas, vídeos, xogos...
- Observaremos con atención a inclusión de nenos e nenas en calquera tipo de xogo ou deporte no patio.
- Participación equitativa nas actividades do centro (Plan de Igualdade, Actividades Complementarias...).

● **Coidado do Medio Ambiente e Desenvomvemento Sostible**

- Participar no programa de Voz Natura.
- Manter o horto escolar, adicando un tempo sistemático ao seu coidado e empregando este gran recurso escolar para a adquisición das distintas competencias básicas conectándoo coas actividades de aula.
- Potenciar no día a día o aproveitamento do material tanto propio coma común (tapar ben os pegamentos, non estragar o papel, etc. formando así consumidores responsables no futuro.
- Colaboración de todos no aforro enerxético (non deixar as luces das aulas acesas ao marchar, nin cando saímos ao patio ou a Educación física, música...).
- Reutilizaremos folios para actividades varias.
- Seremos especialmente coidadosos no coidado da contorna nas saídas, recollendo os desperdicios das merendas.
- Separación do lixo, empregando os colectores de papel e cartón e o dos plásticos, así coma o composteiro situado no horto escolar, formando así consumidores responsables.

● **Hábitos de Vida Saudable**

- Nas reunións de inicio de curso coas familias, falar sobre que as merendas que traían da casa sexan sas, non estado permitido o consumo de lambetadas e boiería industrial no colexio.
- Con respecto á celebración dos aniversarios (sempre voluntario, por suposto) incidir en que é mellor traer un biscoito ou tarta caseira para compartir no colexio, se traen lambetadas, serán repartidas para o seu consumo fora do centro.
- Participar no programa Aliménta-T Ben.
- Achegar ao nenos a posibilidade de empregar na hora do recreo xogos que favorezan o movemento (cordas, gomas, xogos tradicionais...)
- Potenciar a hixiene e coidado persoal.

● **Seguridade Viaria**

- Aproveitar as saídas poloa vila para identificar sinais verticais e horizontais como peóns e potenciar os eu coñecemento e cumprimento.
- Participar no Plan Proxecta "Mobilidade Sostible e Segura".
- Participaremos en charlas sobre educación viaria.
- Realización dunha bicicletada para toda a comunidade educativa.

● **Inclusión Educativa**

- Favoreceremos o traballo en equipo e a cooperación entre todos os membros.
- Adaptarase o currículo ás necesidades de cada neno/a.
- A disposición do alumnado na aula será en pequeno grupo, combinando os seus membros trimestralmente, e realizando dinámicas de cohesión ao comezo de cada agrupamento coa intención de destacar as fortalezas individuais e o sentimento de pertenza a un grupo.

E/ COMPROMISOS EDUCATIVOS

O profesorado comprométese a:

- o Formarse permanentemente e facer unha revisión da súa práctica docente.
- o Participar activamente nas actividades propostas polo centro.
- o Buscar as adaptacións metodolóxicas necesarias para adecuarse a cada grupo de alumnos.
- o A tratar en todo momento con respecto ao alumnado, compañeiros e ás familias.

O alumnado comprométese a:

- o Cumprir os horarios con rigor.
- o A implicarse e esforzarse para acadar os obxectivos educativos
- o Participar nun clima de convivencia pacífica.
- o Participar nas actividades complementarias organizadas dende o centro

As familias comprométese a:

- o Que os seus fillos/as cheguen con puntualidade ao colexio
- o Acompañar a os seus fillos/as no proceso de aprendizaxe sen interferir na liña metodolóxica do centro
- o A buscar solucións consensuadas para resolver conflitos.
- o A tratar con respecto ao profesorado e ao resto de familias.

F/ PROXECTOS DE CENTRO

O centro participa nos seguintes proxectos:

PLAMBE

Proxecto Lector

Contratos Programa

Plan Dixital

Polos Creativos

EDIXGAL

Plans Proxecta

Plan Director

Voz Natura

G/ NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

ÍNDICE

- 1.- Introducción.
- 2.- Principios e obxectivos do Centro como Comunidade Educativa.
- 3.- Organización práctica de todos os membros da Comunidade Educativa.
 - 3.1.- Órganos de goberno:
 - 3.1.1.- Órgano executivo.
 - 3.1.2.- Órganos Colexiados.
 - .- O Consello Escolar.
 - .- O Claustro de profesores.
 - 3.2.- Outros membros da Comunidade Educativa.
 - 3.2.1.- Alumnos.
 - 3.2.2.- Pais.
 - 3.2.3.- Persoal non docente.
- 5.- Normas de convivencia.
 - .-Normas para o bo uso e mantemento da aula.
 - .-Normas que regulan a actividade académica e o traballo na aula.
 - .-Normas nas entradas.
 - .-Normas nas saídas.
 - .-Normas nos recreos.
 - .-Normas sobre o comportamento nas distintas dependencias.
 - .-Normas sobre o emprego das salas comúns.
 - .-Normas que regulan a realización de actividades fóra do centro.
 - .-Normas sanitarias.
 - .-Normas sobre o consumo de tabaco nas dependencias do centro.
 - .-Normas no comedor escolar.
- 6.- Concreción da organización e reparto de responsabilidades non defrinidas na normativa vixente.
- 7.- Réxime disciplinario.
8. Utilización das instalacións do centro fóra do horario lectivo.
- 9.- Procedemento de asistencia sanitaria.
- 10.- Reforma do Regulamento.

11.- Entrada en vigor.

12.- Aprobación.

1.- INTRODUCCIÓN

Este Regulamento de Réximen Interno ten as seguintes bases legais:

_ Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio (BOE do 4 de maio).

_ Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das Escolas de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 2-09-1997).

_ Real Decreto 732/1995 do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as Normas de Convivencia nos Centros (BOE 2-06-1995).

2.- PRINCIPIOS E OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO COMO COMUNIDADE EDUCATIVA

PRINCIPIOS

- As actividades educativas do C.E.I.P. " Ramón Otero Pedrayo" de O Barco, axustaranse aos principios do artigo 27.2 da Constitución Española, orientándose ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e deberes fundamentais.
- O C.E.I.P. Ramón Otero Pedrayo maniféstase como un centro laico e libre de calquera ideoloxía política.
- Todo o alumnado ten os mesmos dereitos, dacordo cos principios de igualdade de dereitos e de non discriminación que inspiran a actividade educativa, e desenrolaranse no marco da coeducación.
- Todos os membros da Comunidade Educativa terán dereito a expresar o seu pensamento, ideas e opinións, sempre que se respecten os dereitos dos demais e a intervir nas decisións que lles afecten, a través dos

representantes elixidos para a constitución dos órganos colexiados de goberno.

- O alumnado será orientado cara unha formación plena, que lle permita formar a súa identidade, e construír unha concepción da realidade para poder participar de xeito crítico nunha sociedade libre, tolerante e solidaria.

OBXECTIVOS

A actividade educativa do C.E.I.P. " Ramón Otero Pedrayo" de O Barco terá os seguintes obxectivos:

- Proporcionar unha formación integral que permita desenvolver a propia identidade do alumno, potenciando a súa capacidade para exercer dun xeito crítico a liberdade, respecto, tolerancia e solidariedade dentro dunha sociedade libre e plural.
- Potenciar o respecto e coidado activo pola natureza e o medio ambiente, asumindo compromisos no aforro de auga e enerxía.
- Potenciar hábitos alimenticios saudables.
- Inculcar a importancia da práctica da actividade física como fonte de saúde e socialización, valorando a práctica deportiva no seu tempo de lecer.

3.- ORGANIZACIÓN PRÁCTICA DE TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

3.1- Órganos de goberno:

3.1.1.- Órgano executivo.

O Título V, artigos 131 a 139 da LOE refírese á dirección dos centros públicos establecendo a súa composición, elección, nomeamento e competencias do órgano executivo de goberno dos centros docentes públicos.

O equipo directivo traballará de forma coordinada impulsando as actividades do centro e as iniciativas particulares, procurando involucrar a todos os estamentos implicados na boa marcha escolar.

O equipo directivo reunirase conxuntamente como mínimo unha hora semanal para favorecer a coordinación das funcións que lle son propias.

A elección, nomeamento, funcións...do órgano executivo rexirase polo establecido no Decreto 92/ 1988 do 28 de abril (DOG 29/04/88), a Orde 03/06/96 (DOG 11/06/96).

Este Centro consta de:

- Director
- Xefe de Estudos
- Secretario.

En caso de ausencia ou enfermidade do director desempeñará as súas funcións, con carácter accidental o xefe de estudos.

En caso de ausencia ou enfermidade do secretario farase cargo das súas funcións o profesor que designe o director, logo da súa comunicación ao Consello Escolar do mesmo. Este procedemento seguirase tamén no caso de ter que substituír ao xefe de estudos.

3.1.2.- Órganos Colexiados.

No título V, artigos 126 e 127 da LOE defínese a estrutura, composición e competencias do Consello Escolar.

.- O Consello Escolar.

É o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da Comunidade Educativa.

O Consello Escolar reunirase, como mínimo, unha vez ao trimestre para facer un seguemento da Programación Xeral así como para propoñer as medidas oportunas para a súa realización.

O Consello Escolar do C.E.I.P " Ramón Otero Pedrayo" estará integrado polos seguintes membros:

- O Director do Centro, que será o Presidente do mesmo.
- O Xefe de Estudos.
- Un representante do Concello de O Barco.
- Cinco profesores elixidos polo Claustro.
- Cinco representantes dos pais/nais/titores.
- Un representante do persoal de Administración e Servizos.
- O Secretario do Centro, que actuará como Secretario do Consello Escolar, e que terá voz máis non voto, excepto se é representante do profesorado.

O Procedemento de Elección dos membros do Consello Escolar dos Centros de Titularidade Pública, conforme ao Decreto 279/90 do 27 de abril (DOG 17 de maio), desenvólvese no primeiro trimestre do curso académico que corresponda e dentro do período lectivo. A data de celebración de eleccións será fixada cun mes de antelación pola Consellería de Educación e Ordenación Educativa.

A organización e supervisión do procedemento de eleccións dos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral que se constitúa a tal fin.

Regras de funcionamento interno das reunións:

- 1) É obrigada a asistencia de todo o profesorado pertencente ao Consello.
- 2) Sempre que se trate de Consellos ordinarios deberase indicar a hora de comezo e finalización prevista da convocatoria con cuarenta e oito horas de anticipación.
- 3) Actúa como moderador o Presidente do Consello.
- 4) O desenvolvemento atenderá á Orde do día.

- 5) O tempo de intervención será distribuída polo Presidente segundo os puntos a tratar na Orde do Día.
- 6) Os membros ausentes sen causa xustificada están obrigados ao cumprimento das decisións que se tomen.
- 7) Os acordos tomaranse por consenso ou en votación segreda por maioría simple dos asistentes.
- 8) Nos "Rogos e Preguntas" trataranse temas referentes á Orde do Día. Se houbera outros temas para tratar, formarían parte da Orde do día de próximas convocatorias.
- 9) O Consello Escolar do C.E.I.P. " Ramón Otero Pedrayo" reunirse como mínimo unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu Presidente ou sexa solicitado alomenos por un terzo dos seus membros. Será sempre preceptiva unha reunión ao principio do curso e outra ao remate do mesmo.
- 10) O Secretario do Centro terá dereito ao voto no caso de ser membro representante do Claustro de Profesores.
- 11) O Consello pode crear as comisións de traballo que estime oportunas.

No seo do Consello Escolar funcionarán dúas comisións:

- Comisión Económica.
- Observatorio de Convivencia.

A Comisión Económica.

Estará integrada por:

- O director
- Un profesor/a
- Un pai/nai/titor
- O secretario (que levantará acta das reunións)

Esta comisión informará ao Consello Escolar sobre cantas materias de índole económica lle sexan encomendadas.

O Observatorio de Convivencia Escolar.

Tal como se recolle no Decreto 85/2007, do 12 de abril (DOG do 8 de maio), constituirase no seo do Consello Escolar nos centros educativos sostidos con fondos públicos e estará integrado por membros do mesmo, tendendo a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Trátase dun órgano colexiado creado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro, propoñer e, de selo caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

Funcionará en pleno, e celebrará tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario, tantas veces sexa convocado pola presidencia, a instancia propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Entre as funcións do Observatorio de Convivencia Escolar do Centro, estarán:

- Dinamizar o Plan de Convivencia do Centro.
- Elaborar un informe anual de análise da convivencia.
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.
- Aqueloutras que a propia Administración ou o Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial lle poidan encomendar.

Estará integrado polos seguintes membros:

- o O Director.
- o O Xefe de Estudos.
- o O profesor titor do alumno relacionado co tema que se analice.
- o A persoa do Consello Escolar encargada das iniciativas e programas de coeducación.

- o Un representante dos pais/nais/titores (pertencente ao Consello Escolar)
- o Un representante do persoal non docente.
- o Dous representantes do profesorado.

Serán elixibles todos os membros do mesmo na súa calidade de representantes de cada sector da Comunidade Educativa. Proclamaranse os candidatos ante o director como presidente nato do Observatorio e elixiranse por voto directo e segredo de forma independente de entre os propios representantes de cada sector.

O nomeamento dos compoñentes nos centros corresponde ao director por proposta dos colectivos representados e realizarase por un período de dous anos renovable por outros dous.

.- O Claustro de profesores.

É o órgano de máxima competencia nos asuntos pedagóxicos e de participación do profesorado no goberno do Centro.

A súa composición e competencias aparecen no Título V, artigos 128 e 129 da LOE.

Está integrado pola totalidade dos profesores que prestan servizo no mesmo, incluído o profesor de Relixión.

☛ Competencias:

Recollidas no R.D. 92/1988 do 28 de abril- D.O.G. 29/04/88- artigo 59

1. Programar as actividades docentes do Centro.
2. Elixir os seus representantes no Consello Escolar do Centro.
3. Fixar e coordinar criterios sobre o labor de avaliación e recuperación do alumnado.
4. Determinar cal é a lingua predominante do alumnado.
5. Coordinar as funcións de orientación e tutoría.

6. Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos.
7. Promover iniciativas no ámbito da experimentación ou investigación pedagóxica.
8. Elevar ao Equipo Directivo propostas para a elaboración dos Proxectos Educativo e Curricular e da Programación Xeral do Centro.
9. Elevar propostas ao Equipo Directivo para o desenvolvemento das Actividades Complementarias, visitas e viaxes.
10. Analizar e valorar o rendemento escolar do Centro.
11. Analizar e valorar a avaliación que do Centro faga a Administración Educativa.
12. Calquera outra que lle encomenden os regulamentos orgánicos.

☞ **Funcionamento interno:**

1. O Claustro reunirse obrigatoriamente unha vez cada trimestre e sempre que o convoque o Director ou sexa solicitado alomenos por un terzo dos seus membros.
2. En todo caso, será obligatoria a convocatoria dun Claustro ao comenzo de cada curso escolar e outra ao final.
3. A asistencia ao Claustro será obligatoria para todos os membros do mesmo.
4. Os acordos serán tomados por consenso ou en votación pola maioría absoluta dos asistentes.
5. Os membros do Claustro poderán facer constar en Acta o seu voto contrario aos acordos tomados e tamén os seus motivos.
6. Non poderán ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na Orde do día, a non ser que estean presentes todos os membros e se decida por maioría.
7. O Claustro será convocado polo Secretario, por orde do Director. As súas reunións terán, como mínimo, carácter trimestral e serán notificadas cunha antelación mínima de 48 horas nas convocatorias ordinarias e extraordinarias. Non hai prazo nos casos de urxencias.

No seo do Claustro existirá un equipo encargado da biblioteca cuxos compoñentes e misións especificanse no capítulo VI.

3.2.- Outros membros da Comunidade Educativa.

3.2.1.- Alumnos.

As normas que regulan a convivencia do alumnado no Centro están recollidas no capítulo IV do Anexo do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e Educación Primaria .

Os seus dereitos e deberes establécense no Real Decreto 732/1995 do 5 de maio(BOE do 2 de xuño).

.-Dereitos

- A recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- Todo o alumnado ten dereito ás mesmas oportunidades de acceso aos distintos niveis do ensino. Non haberá máis limitacións que as derivadas do seu aproveitamento ou das súas aptitudes para o estudo.

A igualdade de oportunidades promoverase mediante:

- A non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- O establecemento de medidas compensatorias que garantan a igualdade real e efectiva de oportunidades.
- A aplicación de políticas educativas de integración e de educación especial.

Os centros desenvolverán as iniciativas que eviten a discriminación do alumnado, porán especial atención no respecto das normas e establecerán plans de acción positiva para garantir a plena integración de todos.

- Todo o alumnado ten dereito a recibir orientación escolar para conseguir o

desenvolvemento persoal, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses.

- Todo o alumnado ten dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- O alumnado ten dereito a que se lle respecte a súa liberdade de conciencia, as súas convicións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou convicións.
- Todo o alumnado ten dereito a que se lle respecte a súa integridade física e moral, así como a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes. Tampouco poderá ser obxecto de castigos físicos ou morais.
- O alumnado ten dereito a participar no funcionamento e na vida dos centros segundo os termos previstos pola lei.
- Ten dereito a recibir as axudas precisas para compensar as posibles carencias de tipo familiar, económico e socio-cultural.
- Ten dereito a que o seu rendemento escolar sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade. A aplicación do proceso de avaliación continua do alumnado require a súa asistencia regular ás clases e actividades programadas para as distintas materias que constitúen o plan de estudos.
- Ten dereito a elixir entre un tipo de relixión ou a opción legalmente especificada, a través dos seus representantes legais.
- Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados ao respecto dos dereitos anteriores. Cando estes dereitos non sexan respectados, a Comisión de Convivencia do Centro adoptará as medidas que procedan conforme ao disposto na lexislación vixente, previa audiencia dos interesados.

.-Deberes

- Asistir a clase e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
- Cumplir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro.
- Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.

- Respetar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.
- Respetar a liberdade de conciencia e as convicións relixiosas e morais , así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Non discriminar a ningún membro da Comunidade Educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Respetar as Normas de Convivencia do Centro derivadas do Proxecto Educativo.
- Coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do Centro e respectar as pertenzas dos outros membros da Comunidade Educativa.
- Participar na vida e funcionamento do Centro.
- Respetar a todos os membros da Comunidade Educativa, dentro e fóra do Centro.
- Amosar conduta solidaria cara a todos os membros da Comunidade Educativa.
- Coidar o seu aseo persoal.
- Empregar sempre un vocabulario correcto e educado.
- Entregar ás familias as circulares, avisos, boletíns de cualificacións e outros documentos coa dilixencia requirida.
- Non permanecer nas aulas durante o recreo sin o permiso preceptivo.
- Manter os corredores libres durante os cambios de clase, evitando saír delas salvo autorización expresa.
- En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan na lexislación vixente e no presente Regulamento aos membros da Comunidade Educativa e de cada un dos seus estamentos.

3.2.2.- Pais.

.-Dereitos

- . A participar nas actividades do centro.
- .A participar nos órganos de decisión do colexio de acordo coa normativa vixente.

.A entrevistarse cos profesores e estar informados dos avances, problemas e incidencias que afecten aos seus fillos mediante entrevistas persoais, comunicación por escrito ou telefónica.

.-Deberes

- Colaborar no labor educativa do centro, entrevistándose periódicamente co titor cando as circunstancias o aconsellen, de acordo co horario previsto a tal fin.
- Atender as citacións do Centro.
- . Informar das circunstancias familiares conflictivas que afecten á tutela dos escolares (ordes de alonxamento, réxime de visitas...).
- .-Informar de calquera enfermidade que padezan os seus fillos.
- De acordo co artigo 105 do Decreto 374/1996 do 17 de outubro(DOG 21 de outubro), os pais dos alumnos teñen garantizada a liberdade de asociación no ámbito educativo.
- . Os pais presentarán as súas propostas a través dos representantes no Consello Escolar ou a directiva da ANPA. De todos os xeitos calquera pai/nai/titor poderá expoñer a súa problemática falando co profesor–titor ou coa Dirección do centro dentro do horario establecido.

3.2.3.- Persoal non docente.

Segundo o recollido na Orde do 22 de xullo do 97 (DOG do 2 de setembro do 97), o Secretario do Centro organizará a xornada laboral do persoal de administración e servizos en función das necesidades organizativas do Centro, velará polo seu cumprimento e poñerá en coñecemento inmediato do Director calquera incidencia que altere o normal funcionamento do Centro.

CONSERXE

As súas funcións son:

- Custodiar as chaves do Centro.

- Asumir a apertura, peche e control do acceso ás dependencias do centro educativo.
- Acendido, apagado e conservación da calefacción.
- Realizar pequenos amaños tales como: colocación de parafusos, puntas, billerías, cisternas, enchufes, bombillas, etc.
- Limpeza do recinto: manter limpo o patio e os xardíns.
- Manexar as máquinas de reprografía, encadernación, traslado de documentación e similares.
- Custodiar o edificio, mobiliario, maquinaria, instalacións e locais.
- Recoller e levar a correspondencia diariamente .
- Vixiar que todas as luces e todo o relacionado coa enerxía eléctrica quede apagado ao termo da xornada escolar.
- Controlar a entrada das persoas alleas ao Centro, recibindo as súas peticións e indicándolle o lugar onde deben dirixirse.
- Calquera outra función relacionada co Centro que lle sexa encomendada pola Dirección.

EMPREGADAS DA LIMPEZA

.- Servizo diario

- Varrido húmido.
- Fregado de chans.
- Varrido e posterior fregado de escaleiras e distribuidores.
- Limpeza de pasamáns.
- Desempoado do mobiliario e enseres.
- Limpeza e desinfección de teléfonos.
- Limpeza de pegadas en portas, marcos e vidros.
- Limpeza de aseos e desinfectación de aparellos sanitarios con produtos xermicidas e bactericidas.
- Vaciado e lavado de papeleiras.
- Recollida de papeis, lixo, desperdicios e demais suciedades e a súa evacuación aos colectores exteriores.
- Limpeza de encerados.
- Limpeza de pupitres.

.- Servizo semanal.

- Limpeza a fondo do mobiliario.
- Aspirado e cepillado de tapicería de cadeiras e sillóns.
- Limpeza de portas, madeiras e demais elementos decorativos.
- Limpeza de po en radiadores.
- Limpeza de partes altas de armarios.

.-Servizo quincenal.

- Abrillantado de chans plásticos.
- Limpeza de arquivos.

.-Servizo mensual.

- Limpeza de cristais interiores e exteriores.
- Limpeza de repisas exteriores de fiestras.
- Limpeza de persianas.

.-Servizo semestral.

- Limpeza de teitos e paredes.
- Limpeza de puntos de luz.
- Cristalizado de chans de terrazo.

5.- NORMAS DE CONVIVENCIA

Na educación transmítense e exercítanse valores que fan posible a vida en sociedade, adquirindo os hábitos de convivencia e de respecto mutuo.

É primordial que haxa unhas normas que definan un ambiente de relación e traballo entre os distintos membros da Comunidade Educativa. É tarefa de todo o profesorado velar polo seu cumprimento, se ben a responsabilidade e potestade para efectuar actuacións sancionadoras e preventivas, recae na figura do director.

.-Normas para o bo uso e mantemento da aula.

- Entre unha hora de clase e a seguinte ningún discente poderá saír aos corredores e/ou obstruír a porta de entrada á aula, como norma xeral.
- Non se farán filas á hora de entrar ao centro, así como para acceder ao comedor escolar, senón que a partir da apertura de portas, os nenos irán entrando a candansúa aula onde o mestre os estará esperando e as coidadoras de comedor farán o propio acompañando aos nenos desde a porta de saída do edificio principal. Os mestres de garda e coidadores de comedor, serán os encargados de organizalo do xeito máis adecuado.
- Durante os recreos non debe quedarse ninguén nas clases nin nos corredores. No caso de ser necesario, o mestre que outorgue dito permiso o acompañará mentres dure esta estancia.
- Cando un grupo de alumnos saia da aula, procurarase que non molesten aos compañeiros ao pasar por diante doutras aulas. O mestre correspondente debe acompañar aos escolares, tanto na saída coma no retorno.
- Os cambios de clase efectuaranse no momento xusto, evitando deixar as clases sen profesor.
- Informarase con prontitude, á Dirección, de calquera desperfecto ou carencia que se perciba na aula.
- A limpeza, tanto na aula coma nos espazos comúns, debe ser obxecto permanente do noso centro, polo que se porá o máximo esmero en non tirar obxectos ao chan, non pintar nas paredes, portas ou mobiliario escolar. Insistiremos neste aspecto pola boa imaxe da aula.
- Ao rematar a xornada de clases poñerase especial coidado no cumprimento dos seguintes detalles:
 - o As fiestras da aula quedarán pechadas.
 - o As luces quedarán apagadas.
 - o O mobiliario quedará ordeado e as cadeiras colocadas para facilitar o servizo de limpeza.
 - o Os mestres quedan encargados de facer cumprir estas normas educativas para o mellor desenvolvemento da xornada escolar, dun xeito especial, aqueles mestres que teñan a derradeira hora de clase.

.-Normas que regulan a actividade académica e o traballo na aula.

- . O estudo e o traballo académico é un deber fundamental do alumnado que tratará, na medida do posible, de mellorar a súa formación, pondo para elo, o máximo esforzo e interese.
- . O alumnado traerá ao colexio o material necesario para o normal desenvolvemento das actividades.
- . Ao principio de curso, cada mestre porá en coñecemento dos seus alumnos, as normas xerais de comportamento e traballo.
- . É deber fundamental de todo o alumnado, respectar o exercicio do dereito ao estudo e ao traballo dos seus compañeiros de clase.
- . Non está permitido o acceso ao centro coa cabeza cuberta.
- . Para acudir ao centro, todos os alumnos deben posuír un axeitado control de esfínteres, ou no seu caso, xustificación médica do problema fisiolóxico que impide a adquisición do mesmo.

.-Normas nas entradas.

- Os alumnos deberán chegar ao colexio con puntualidade e entrarán ordeadamente, sen correr nin dar berros .
- Os alumnos que cheguen antes da hora de entrada deberán esperar no patio e non poderán pasar ao edificio.
- Excepto no período de adaptación de Educación Infantil, ningún pai/nai/titor poderá entrar no patio mentres o alumnado estea esperando para entrar no colexio.
- A porta pecharase dez minutos despois de tocar o timbre.
- Os alumnos que cheguen tarde deberán presentar un xustificante dos pais ou titores que explique a causa do retraso e/ou cubrir no centro o impreso destinado a tal fin.
- Durante a xornada lectiva o centro permanecerá pechado. Ninguén poderá saír ou entrar a el senón está autorizado polo Director ou o Xefe de Estudos. Ninguén alleo ao Centro pode permanecer inxustificadamente nas súas instalacións, salvo cando teña que entrevistarse cun mestre, titor ou algún dos cargos directivos do Centro, ou nos períodos de adaptación establecidos para o novo alumnado.(Orde do 22 de xullo de 1997, DOGA 2-9-97, Capítulo III Punto 8.2.).

.-Normas nas saídas.

- Efectuaranse de xeito ordeado e despois de que toque o timbre.
- Ningún alumno poderá abandonar o Centro en tempo lectivo se non é acompañado por un adulto previa sinatura da correspondente autorización, e avisando ao mestre que estea con el nese momento.
- Para facilitar a organización ordeada das saídas, os alumnos de Educación Infantil a realizarán cinco minutos antes có resto do alumnado.
- Os pais deberán por en coñecemento dos titores de Educación Infantil as persoas autorizadas para recoller aos nenos.
- Os pais e titores dos alumnos de Educación Infantil e 1º ciclo de primaria que permitasn que os seus fillos abandonen o centro nas horas de saída sós ou acompañados de outros menores (irmáns, curmáns, vecinos...) deberán deixar constancia escrita no centro de tan circunstancia, cubrindo unha autorización asinada, indicando se é o caso, as persoas autorizadas a recollelos e asumindo as responsabilidades que tal traslado poida conlevar.

.-Normas nos recreos.

- Debido á responsabilidade que ten o Centro sobre o alumnado dentro do horario escolar, convén establecer o seguinte protocolo de actuación:
- Durante o recreo o alumnado non poderá permanecer nas aulas nin nos corredores, salvo co permiso pertinente do profesorado, e baixo a súa responsabilidade.
- Ao saír ao recreo, cada alumno collerá todo o que precise para non ter que entrar novamente na aula.
- Cando as condicións meteorolóxicas así o aconsellen, o alumnado poderá permanecer en dependencias interiores durante os recreos baixo a supervisión, en todo momento, dalgún mestre de garda.
- Todos os profesores e, de xeito concreto os de garda, responsabilizaranse de que o alumnado esté convenientemente vixiado para prever condutas contrarias ou gravemente perxudiciais para a convivencia.
- Se algún mestre de garda, por algún motivo puntual, tivese que ausentarse do patio durante o horario de recreo, deberá comunicalo ao director ou ao xefe de estudos.

- Calquera problema que haxa no recreo, porase en coñecemento dos profesores de garda de patio.
- Nos recreos, os nenos deberán utilizar os aseos do patio.
- As saídas e entradas efectuaranse de xeito ordeado.
- Os alumnos non poderán:
 - _ Practicar xogos violentos nin perigosos.
 - _ Traer xoguetes de carácter bélico.
 - _ Discutir airadamente ou pelexar.
 - _ Saír do recinto escolar sen permiso dos profesores de garda.
 - _ Tirar papeis ou outros desperdicios no chan.

.-Normas sobre o comportamento nas distintas dependencias.

- Na biblioteca, aula de música, aula de informática, aula de polos creativos e aula de audiovisuais, o alumnado deberá estar sempre acompañados por un mestre. Despois de ser utilizadas estas dependencias deberán quedar limpas e ordeadas. A súa utilización deberá ser regulada ao principio do curso.
- As aulas e maila súa moblaxe deben ser respectadas e conservadas limpas durante todo o curso.
- Os alumnos que individual ou colectivamente causen danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do Centro ou ao seu material, quedan obrigados a reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da súa reparación. Igualmente, os alumnos que substraxesen bens do Centro deberán restituír o substraído. En todo caso, os pais ou representantes legais dos alumnos serán responsables civís nos termos previstos na lei.
- Queda expresamente prohibido o emprego do móvil, por parte do alumnado, dentro das dependencias do centro.
- O0 alumnado deberá utilizar correctamente os servizos: non atascar os váteres, non xogar coa auga...

.-Normas sobre o emprego das salas comúns.

- O mestre apuntado en primeiro lugar terá preferencia sobre os seguintes poñéndose de acordo, entre eles, ante calquera cambio a realizar (aulas de informática e audiovisuais).

· Debido a que se decidiu non establecer un horario predefinido por clases ou ciclos, a anotación no taboleiro da sala de mestres será preceptiva e terá carácter preferente.

.-Normas que regulan a realización de actividades fóra do centro.

- . Manter un comportamento correcto coas persoas e instalacións que visitan.
- .O alumnado permanecerá en grupo ao longo da visita, podéndose separar del só co permiso do mestre.
- .O alumnado cumprirá o horario establecido para o desenvolvemento da actividade.
- .Ao longo da escolaridade, o alumnado irá coñecendo e respectando as normas básicas de seguridade viaria, e cumpríndoas tanto coma peóns, pilotos de bicicleta, usuarios de transporte público ou privado..
- .Durante o traxecto no autobús ou medio de transporte utilizado, deberán ir debidamente sentados, sen molestar ao conductor, subindo e baixando con orde e sen cruzar nunca por diante ou por detrás do mesmo.
- .O emprego do móvil queda supeditado ás normas de cada excursión.

.-Normas sanitarias.

- . Os alumnos enfermos non serán admitidos no centro. Neste caso, a dirección do centro pode solicitar aos pais un xustificante médico conforme pode asistir a clase por non padecer enfermidade infecto-contaxiosa.
- . Por norma xeral, non será administrado ningún medicamento que traian da casa.
- . Tódolos nenos teñen que coidar o seu aseo persoal, en caso de que isto non sexa cumprido, e tras avisar convenientemente ás familias, porase en coñecemento dos servizos sociais do concello.
- . A principio de curso, todo o Claustro deberá estar informado das alerxias e enfermidades do alumnado.

.-Normas sobre o consumo de tabaco nas dependencias do centro.

- A lexislación vixente regula a prohibición absoluta de consumo de tabaco en todas as instalacións dos Centros Educativos para preservar e protexer a

saúde da poboación escolar polo que todos os compoñentes da Comunidade Educativa teñen o estrito deber de cumprir a normativa vixente.

.-Normas de comportamento no comedor escolar.

O alumnado, e tendo en conta a súa idade, comportarase de maneira axeitada e respectuosa durante o período propio do xantar, intentando que dito servizo sirva de complemento á súa formación específica. En todo momento, obedecerán ás indicacións do persoal responsable do mesmo.

O comportamento rexirase polo Regulamento do Comedor, aprobado polo Consello Escolar do centro.

6.- Concreción da organización e reparto de responsabilidades non definidas na normativa vixente.

A proposta do Equipo de Educación Infantil, quedan definidas no presente regulamento as funcións da mestra de apoio. Son as seguintes:

- Impartir psicomotricidade.
- Impartir informática.
- Atención educativa.
- Animación á lectura.
- Se o apoio é rotativo, encargarse tamén da coordinación de ciclo.

7. Réxime disciplinario.

Correccións ante o incumprimento das normas de convivencia

Na corrección dos alumnos que alteren a convivencia, incurrindo en condutas contrarias ás normas de convivencia ou gravemente prexudiciais para a convivencia, teranse en conta os seguintes criterios:

- A idade, situación persoal, familiar e social do alumno.
- A valoración educativa da alteración.
- O carácter educativo e recuperador, non meramente sancionador, da corrección.
- A proporcionalidade da corrección.

· A forma na que a alteración afecta aos obxectivos fundamentais do Proxecto Educativo de Centro e á Programación Xeral Anual.

En ningún caso, o procedemento de corrección poderá afectar ao dereito á intimidade e dignidade do alumno e deberá atenderse, en todo caso, a unha gradación obxectiva referente ás circunstancias singulares ao aplicar a corrección. Deste xeito, son circunstancias paliativas:

- O recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
- A falta de intencionalidade.
- A observación dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- Aqueloutras que estableza a lexislación vixente.

Son circunstancias acentuantes:

- A premeditación e a reiteración.
- Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade ou aos recién incorporados ao Centro.
- Calquera acto que entrañe ou fomente a violencia de xénero, a discriminación, o racismo, a xenofobia ou o menoscabo dos principios reseñados no Proxecto Educativo do Centro.
- Aqueloutras que estableza a lexislación vixente.

.-Conduas contrarias ás normas de convivencia

FALTAS LEVES

- As faltas inxustificadas de puntualidade ou asistencia de xeito puntual.
- O deterioro non grave, causado intencionadamente, das dependencias do Centro, do material deste ou dos obxectos e pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa.
- Calquera acto inxustificable que perturbe, levemente, o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
- Calquera acto que perturbe o normal desenvolvemento das actividades de clase.

- A falta de colaboración sistemática do alumnado na realización das actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo, así como no seguemento das orientacións do profesorado respecto ao seu aprendizaxe, incluído o non traer o material necesario.
- As condutas que poidan impedir ou dificultar o exercicio do dereito ou o cumprimento do deber de estudar dos seus compañeiros.
- Manifestar unha actitude pasiva ou negativa ante os avisos ou correccións ou no cumprimento das sancións educativas.
- Calquera acto leve de incorrección e desconsideración cara aos outros membros da Comunidade Educativa.
- Ser descoidado no aseo persoal.
- Expresarse cun vocabulario soez.

FALTAS GRAVES

- Os actos de indisciplina, inxurias ou ofensas contra os membros da Comunidade Educativa.
- As faltas inxustificadas de asistencia a clase de xeito reiterado debido a que poderán derivar na imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais da avaliación contínua.
- A agresión moral ou física grave contra os demais membros da Comunidade Educativa.
- A suplantación de personalidade nos actos da vida docente e a falsificación ou substracción de documentos académicos.
- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
- Saír fóra do recinto escolar dentro do horario lectivo sen ter permiso.
- Actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa do Centro ou a incitación ás mesmas.
- As vexacións ou humillacións contra calquera membro da Comunidade Educativa, particularmente se teñen unha compoñente sexual, racial ou xenófoba, ou se realizan contra alumnos ou alumnas con necesidades educativas específicas.
- As ameazas ou coaccións contra calquera membro da Comunidade Educativa.

- O deterioro grave das instalacións, recursos materiais ou documentos do Centro, ou das pertenzas dos demais membros da Comunidade Educativa, así como a substracción das mesmas.
- O incumprimento das correccións impostas salvo que a Comisión de Convivencia considere que este incumprimento sexa debido a causas xustificadas.
- A reiteración nun mesmo curso escolar de condutas contrarias as normas de convivencia do Centro.
- A comisión de tres faltas leves nun mesmo curso académico.

FALTAS MOI GRAVES

- Os actos de indisciplina, inxurias ou ofensas moi graves contra os membros da Comunidade Educativa.
- A agresión moi grave física ou moral contra os demais membros da Comunidade Educativa.
- As faltas tipificadas como graves se concorren as circunstancias de colectividade e/ou publicidade intencionada.
- A incitación sistemática a actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa do Centro.
- A comisión de tres faltas graves nun mesmo curso académico.

CORRECCIÓNS:

POR FALTAS LEVES

O centro poderá corrixir ditas alteracións mediante:

- Amonestación privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante a Xefatura de Estudos.
- Realización de traballos específicos.
- Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado nas instalacións, materiais ou pertenzas de calquera membro da Comunidade Educativa.
- Suspensión puntual do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias realizadas polo Centro.

POR FALTAS GRAVES

- Apercibimento que constará no expediente individual do alumno, no caso de continuas faltas inxustificadas de asistencia.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias realizadas polo Centro.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao Centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

POR FALTAS MOI GRAVES

Non poderán corrixirse as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro sen a previa instrución dun expediente, que, trala recollida da necesaria información, acorde o Director do Centro.

O Centro poderá corrixir ditas alteracións mediante:

- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas .
- Suspensión do dereito de asistencia ao Centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes.

En ambos os dous casos, e durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

- Cambio de Centro.

PROCEDIMENTO PARA A TRAMITACIÓN DAS CORRECCIÓNS

- Os actos que non alcancen a consideración de falta leve serán corrixidos polo correspondente profesor e, no seu caso, polo titor/a.
- A comisión de faltas graves e moi graves será sancionada polo Director do Centro que informará ao Consello Escolar sobre as resolución dos conflitos disciplinarios.
- Para a tramitación dos expedientes disciplinarios de faltas graves e moi graves, seguiranse os artigos 54-55-56 do Decreto de Dereitos e Deberes dos Alumnos.

8.-UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS FÓRA DO HORARIO LECTIVO

- As actividades non deberán impedir nin menoscar o labor educativo institucional.
- O uso do centro non pode afectar a aquelas partes das instalacións reservadas ás tarefas organizativas e xurídico-administrativas do profesorado, sala de mestres e onde exista documentación obxecto de custodia, documentos confidenciais sometidos a segredo profesional.
- O uso de instalacións, locais e materiais fóra de horario lectivo por parte da entidade autorizada, libera ao profesorado e equipo directivo de calquera responsabilidade, tanto no referente ás instalacións, coma no referente á vixianza e atención do alumnado participante.
- Solicitarase á dirección do centro, cunha antelación mínima de quince días, o uso das instalacións, indicando o tipo de actividade, participantes, datas e horario de realización.
- As actividades deben respectar os principios de voluntariedade, non discriminación e ausencia de lucro.
- As actividades a desenvolver, adecuaranse aos espazos físicos nos que se impartan.
- Durante as actividades organizadas fóra do horario lectivo, haberá unha persoa física ou xurídica expresamente responsable das mesmas.
- A entidade organizadora, responsabilízase dos gastos e da reparación dos danos que poida ocasionar.

9.- PROCEDEMENTO DE ASISTENCIA SANITARIA

Co obxecto de facilitar a asistencia sanitaria ao alumnado que sufra algún tipo de accidente ou enfermidade durante a actividade escolar, na secretaría do centro, estarán arquivadas as tarxetas sanitarias dos alumnos.

Os alumnos enfermos, non serán admitidos no centro, sen o parte do pediatra conforme non padece enfermidade infecto-contaxiosa e pode asistir normalmente á escola.

En caso de enfermidade ou accidente, avisarase de inmediato á familia do alumno, polo que é preciso, que esta facilite varios teléfonos de contacto actualizados e operativos.

En caso de accidente grave, avisarase inmediatamente ao 061.

10.- REFORMA DO REGULAMENTO

Periodicamente será revisado o presente regulamento, podendo ser modificado naquelas partes que fora preciso a xuízo dos integrantes da Comunidade Educativa, e sempre sometida á aprobación do Consello Escolar.

Procedemento de reforma:

Poderanse introducir modificacións sempre que:

- a).- Se produza unha variación da lexislación vixente.
- b).- Cando o Consello Escolar do Centro o decida, a proposta de:
 - O Equipo Directivo.
 - O Claustro de Profesores/as.
 - 1/3 dos membros do Consello Escolar.

11.- ENTRADA EN VIGOR

O presente Regulamento de Réxime Interno, entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello Escolar, quedando derogado o anterior, e será de obrigado cumprimento para todos os membros da Comunidade Educativa.

APROBACIÓN

O presente Proxecto Educativo de Centro, foi aprobado polo Consello Escolar do C.E.I.P. "Ramón Otero Pedrayo" de O Barco de Valdeorras, en sesión celebrada o día 25 de outubro de 2022.

